

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres



Carta aberta a Gorette Sanmartín

María Pilar García Negro

Neste 25 de Novembro recordaremos, máis unha vez, a necesidade de evidenciamos toda a carga de discriminacións que aínda pexan a vida das mulleres e que, na punta do icebergue máis dramática e dolorosa, segue a causar vítimas mortais ano após ano. Ou apuntámonos á causalidade ou á casualidade, isto é, ou procuramos (que as hai, claro está) causas históricas e causas actuais a unha violencia estrutural aínda viva e, desde logo, a unha segregación funcional e útil no modelo capitalista, ou ben seguimos a falar de episodios lamentábeis que non se sabe ben a que poden obedecer, para alén da repetición atávica do pasado. Fica claro que desbotamos este camiño e secundamos aquela análise, a que procura as razóns e sen razóns dunha lóxica, por perversa que sexa, explicábel porque, como dixemos, segue a ser útil a alguén. Este “alguén” non é unha abstracción: dos infrasalarios femininos, da feminización da pobreza, da carga de traballos doméstico-familiares que sen pagamento nen compensación aínda realiza unha maioría feminina, beneficianse empresas, poderes públicos, institucións variadas e, por suposto, a título individual, tantos e tantos varóns... En suma, todas as modalidades de violencia contra as mulleres que se denuncian neste 25 de Novembro teñen unhas causas, son úteis ao mantemento dun sistema xeneticamente desigualitario, renden beneficios e delas tiran proveito, por activa ou por pasiva, persoas físicas e persoas xurídicas.

Gorette Sanmartín é escritora, profesora da Universidade da Coruña e directora do seu Servizo de Normalización Lingüística. Nesta súa condición, promove e amadriña unha idea que xulgamos magnífica: a unión de dúas discriminacións, dúas ocultacións, non por coñecidas menos precisadas de recordación e de socialización, mesmamente para, paulatinamente mais sen demora, ilas visibilizando e superando. Unha delas é a que xa mencionamos; a outra fálanos da ocultación ou da disimulación da lingua galega que, en certos ambientes ou contextos, por maior vulnerabilidade social, afecta aínda máis as mulleres do que os homes.

De modo e maneira que a recuperación da voz propia, no idioma de noso, non sería -non é- banal no proceso de posuímos a conciencia como mulleres que desexan mudar o seu papel social e público. Xa hai ben tempo que o meritísimo sociólogo e sociolingüista Rafael Ninyoles, en oportuno capítulo do seu clásico *Idioma e poder social*, caracterizaba como “diglósica” a posición global das mulleres na sociedade. Non é, por tanto, impertinente a relación propositada de ambas realidades sociais, porque non somos humanos en abstracto, senón mulleres ou homes nunha terra e nun tempo concretos e, no caso galego, especialmente expostas, as mulleres, a dar por “naturais” posicións secundarizadas na sociedade, sobrecargas de traballo e substitución do idioma nacional polo oficial do Estado. De “naturalidades” sociais poderíamos falar en extenso. Son das que pensa que algo mellorará, na visión masculina dominante sobre estes problemas, o día en que, por exemplo, un personaxe público, perguntado sobre como achou tempo para realizar tantos labores intelectuais, políticos, artísticos, profesionais..., e tan variados, responda simplemente: “Porque son home; se fose muller, non o daría feito por falta de tempo, ocupacións familiares e, talvez, falta de estímulo...”. Así de simples e de sincero, tal cal eu o ouvín -unha única vez na miña vida- a un ilustre investigador e científico arxentino-norteamericano de quen son afortunada parente. Mais este recoñecemento elemental non casa moito ben cun narcisismo masculino que xa resulta tradicionalista e estomagante de máis...

Goretti Sanmartín: noraboa, parabéns polo teu traballo! Polo teu empeño en visibilizares, fóra de gabinetes e programacións endogámicas, problemas que deben deixar de o ser e que precisan saír á rúa e tomaren espazo e tempo na conciencia de todos nós.